

Querido don Ramón,

Hai unsos días que cheguei de Barcelona. Traigo ganas de traballar. Tiven unha serie de contactos por medio de P. Totosaus, moi interesantes. Desde logo a xente sente unha gran inquietud. Veño contento e animado.

Agora, en Ourense queren comensar as clases de galego e pensaron en min. Eu non me podo negar, como é lóxico, pero teño un pouco medo. Non conto unha gramática. ¿Podría vostede congruirmen unha inde que seña prestada? Agradeceríallo moito. Tamén lle agradecería que vostede me traxese un esquema a seguir.

A cousa é interesante e xa era tempo de que Ourense se sumase á tarefa común. Coido que as clases despertarán moito inter, tanto na xente nova como na vella. Eu aproveitaré pra eles prantexar o problema cultural galego sinxelamente. Vouilles facer unha pregunta: ¿Qué eliximos: salvar a nosa cultura ou perdela? Si eliximos

Salvado - o contrario seria pouco inteligente e suicida - non podemos deixar-
nos levar pola inactividade. Entón queda claro que pra non nos deixar
vencer pola cobardia e pola mugailla soib ~~nos~~ podemos eleixir
un camiño: a loita apaixonada e noble, a acción.

Xa me planea vostede de todo isto.

Aquí, en Ourense, está un rapaz - en nono curso - empregado
de banco, que egreou ven de Barcelona e que según me dixeron
é consido de vostede. Il é o que fixo ou fai todo pra que o
des clases se leve a cabo.

Onte lín no Faro a noticia da edición de "As cantigas
d'escarinho e de mal dizer." ¿Cómo se pode conseguir?

Escíbele de presa. Dento de unhas dúas semanas máis de vagar.

Apertas,
Carlos

Salúdos a súa dona.